



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. Fiscaliz. e Control Financ. Sec. Control II

Aprobación aceptación delegación de competencias do Concello de Toques respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Antifraude (Plan PREMADECOR)

O Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña na sesión ordinaria celebrada o 29 de novembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“24. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Toques respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Antifraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

PRIMEIRO.- *Aceptar a adhesión do CONCELLO DE TOQUES ao Plan PREMADECOR, 3º GRAO, asumindo esta Deputación no referente aos fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) as funcións de avaliación de riscos, seguimento de medidas polo CADECOR e instrución dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia do Concello delegante.*

SEGUNDO.- *Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento indicándose no anuncio que contra este acordo poderá interporse recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a súa publicación (artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo). E previamente poderase interpor recurso de reposición, ante o Pleno da Corporación, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a publicación, sen que poidan simultanearse ambos os dous recursos (artigo 52.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime local). Tamén se poderá presentar calquera outro recurso que se estime procedente”.*

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Coruña, 16 decembro de 2024.

O presidente,
Valentín González Formoso
(Asinado dixitalmente)

A secretaria xeral,
Amparo Taboada Gil
(Asinado dixitalmente)

2024/9083